Nerium oleander L, 1753

loendro, adelfa, baladre, herba de sarna, espirradeira
adelfa, rosa de berberia, balandre, valadre, laurel de flor, berfa
eriotz-orri(a), eroitzorri(a)
adelfa, baladra/e, llorer reial, l. rosa, sanet, veratre
oleander
adelfo, adelpha, alandro, alloendro, loendreira, oleandro, sevadilha



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Gentianales**	**Apocynaceae**	***Nerium***

ORIXE

España e Marrocos.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto ou árbore perenne, pequena de ata 6 m de altura. Troncos duns 7 cm de diámetro, codia lisa, marrón-cinsenta e pólas novas de cor verde-avermellada. Follas de 61-190 x 10-35 mm, linear-lanceoladas ou estreitamente elípticas, opostas ou verticiladas en grupos de 3-4, con nervaduras prominentes, pecioladas, coriáceas, glabras. Inflorescencia con poucas flores, corimbiforme, cima terminal. Flores hermafroditas, bracteadas, pediceladas. Cáliz avermellado, con lóbulos de 5-9 × 0,6-1,5 mm. Corola rosada, raramente branca. Froito en forma de folículo, de 40-160 × 5-12 mm, fusiforme, piloso e marrón. Sementes de 4-7 × 1-2 mm, cónicas, densamente pilosas, marróns.

HÁBITAT

Tolera todo tipo de solo, seca, vento e salinidade, o que a fai axeitada para zonas costeiras. Cursos de auga e barrancos que poden ser pedregosos. Dende o nivel do mar ata 1200 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Esténdese polo leste a través dos países costeiros do Mediterráneo ata a Península Arábiga e o centro da China. Atópase tamén nalgunhas partes de África, os Azores, o Xapón, Indonesia, Australia, Nova Zelandia, os Estados Unidos, América Central e do Sur.

CURIOSIDADES

Tódalas partes da planta son velenosas, polo que non se emprega para o pastoreo nin se come.